

**Tras a andadura de Ferrín. Proposta clasificatoria, achegas
comparativa e diatópica do seu vocabulario ecuestre**
*Following Ferrín's gait. Classificatory proposal, comparative and diatopic
approaches to his equestrian vocabulary*

Fernando Groba Bouza
(IES do Barral de Pontearreas / fgroba@edu.xunta.gal)

Data de recepción: 12/09/2024 – Data de aceptación: 17/10/2024

Resumo: O escritor galego X. L. Méndez Ferrín é autor, entre outra moita obra, de decenas de artigos de opinión xornalísticos que xiran á volta dos equinos, nomeadamente, do universo dos curros, dos cabalos autóctonos, do seu paso de andadura e dunha incipiente hípica galega vinculada, sobre todo, coa Federación Hípica Galega. Ao mesmo tempo, estes animais tamén son piar fundamental nalgunha das súas obras literarias máis senlleiras. Emporiso, até o día de hoxe, nunca chegou a ser foco dun estudo académico. Este artigo é, xa que logo, unha primeira aproximación a este vocabulario hipolóxico. Nel, recóllense as unidades denominativas que teñen que ver co mundo ecuestre que foron extraídas de dous conxuntos de textos (uns literarios e outros xornalísticos); logo, organízanse e clasifícanse en cadanseu mapa conceptual ou árbore de campo; a seguir, dáse conta das diferenzas e similitudes do contido das dúas mostras lexicais; e, por último, analízase o valor dialectal dunha serie de voces que comparte con dúas obras de referencia na xeolingüística equina (o *LHGO* e o *VVPLH*) para valorar cal é a procedencia desta terminoloxía que Méndez Ferrín usa.

Palabras chave: Méndez Ferrín, vocabulario ecuestre, lingua galega.

Sumario: 1. Introducción. 2. Como conseguimos a mostra do léxico e como a xestionamos? 3. Vocabulario ecuestre na ficción ferriniana. 4. Léxico hipolóxico para defender a cultura ecuestre do país. 5. Comparativa das dúas mostras lexicais. 6. A fidelidade diatópica de Ferrín. 7. Para rematar. Referencias bibliográficas.

Abstract: The Galician writer X. L. Méndez Ferrín is the author, among many other works, of dozens of journalistic op-eds on the equine world, namely, the universe of *curros*, indigenous horses, their gait and an incipient Galician equestrianism linked, above all, with the Galician Equestrian Federation. At the same time, these animals are also a central topic in some of his greatest literary works. Yet, this topic has never been the focus of an academic study. This article is, therefore, a first approach to Ferrín's hippological vocabulary. First, the words that have to do with the equestrian world are collected from two sets of texts (some literary and some journalistic). Secondly, these words are organized and classified in conceptual maps or semantic fields. Thirdly, the differences and similarities in content between the two lexical samples are discussed. Finally, the dialectal value of a series of words that are shared with two reference works in equine geolinguistics (the *LHGO* and the *VVPLH*) is analyzed in order to discuss the origin of this terminology that Méndez Ferrín uses.

Keywords: Méndez Ferrín, equestrian vocabulary, Galician language.

Contents: 1. Introduction. 2. How did we get the lexicon sample and how did we manage it? 3. Equestrian vocabulary in Ferrinian fiction. 4. Hippological lexicon to defend Galicia's equestrian culture. 5. Comparison of the two lexical samples. 6. The diatopic fidelity of Ferrín. 7. Conclusion. Bibliographic references

1. Introducción

Ao entrar no mundo da hipoloxía en galego, ao dar os primeiros pasos, é imposible non dar de fronte co nome de X. L. Méndez Ferrín e con todo o que el ten escrito sobre unha das especies animais máis sobranceiras da cultura galega: o equino.

Por unha banda, adoito aparecen estes mamíferos na súa obra literaria, tanto na poesía como na prosa, como elementos necesarios –con maior ou menor transcendencia–. Podemos atopalos na trama e na construción das súas historias así como tamén no seu imaxinario simbólico poético. E, por outra, cando escribe artigos xornalísticos que pivotan arredor da cultura ecuestre, nomeadamente da máis ancestral e tradicional¹.

Con tal motivo, fixemos unha primeira cala no léxico hipolórico que usa o escritor ourensán para facer unha proposta de selección e clasificación temática deste caudal lexical así como tamén achegar, por unha banda, unha análise comparativa xeral das características principais das unidades denominativas dos dous conxuntos e, por outra, unha pequena mostra de palabras peculiares no que a uso diatópico se refire para ver en que medida usa as formas do seu lugar de nacemento e en que medida emprega as de outros.

2. Como conseguimos a mostra do léxico e como a xestionamos?

Para facérmonos coa mostra lexical da análise, empregamos dúas vías diferentes: unha para as obras literarias e outra para os artigos de opinión. Para as primeiras, empregamos o corpus histórico de textos galegos da Idade Moderna e Contemporánea chamado *Tesouro informatizado da lingua galega (TILG)*, a través de procuras avanzadas de palabras básicas e clave (*cabalo, grñón, rincho, egua, égoa, besta, cabalería, burra, burro, múa, gado, gando, curro*) vinculadas cos equinos.

O dito arquivo electrónico permitiunos encontrar os resultados en 6 das 10 das obras de Méndez Ferrín que contén (Táboa 1):

Ano	Título	Publicación	Abreviatura
1958	<i>Percival e outras historias</i>	Vigo: Galaxia	Peoh
1986	<i>Antón e os inocentes</i> (2ª ed.)	Santiago: Sotelo Blanco	Aeoi

¹ A defensa incondicional que Méndez Ferrín fixo na prensa escrita dos curros (xuntanzas tradicionais de gando cabalar nos montes galegos para xestionar a poboación e a saúde das greas que se atopan en réxime de liberdade ou extensivo) valeulle, no 2008, o título honorífico de Valedor dos curros que lle entregou o Concello de Gondomar (IES Terra de Turonio 2009).

1986	<i>Arnoia, Arnoia</i>	Vigo: Xerais	AA
1987	<i>Breña Esmeraldina</i>	Vigo: Xerais	BE
1991	<i>Arraianos</i>	Vigo: Xerais	A
1994	<i>Estirpe</i>	Vigo: Xerais	Es

Táboa 1: Obras literarias estudadas a partir do TILG.

Deseguido, mudamos as formas verbais conxugadas para o infinitivo, puxemos todos os substantivos que o permitisen en singular e todos os participios e adxectivos en masculino singular (coa única excepción de que o masculino non resultase posíbel), agregámoslles ao seu carón a abreviatura da fonte e incluímos todas aquelas indicacións de contexto e significado que consideramos pertinentes para que nos axudase a recuperar o sentido da expresión en cuestión e nos facilitase –quer o noso traballo de supresión de formas repetidas e clasificación, quer a posterior lectura do artigo– para despois ordenar todo alfabeticamente e poder eliminar todas aquelas formas que se repetían e significaban exactamente o mesmo. Na dita eliminación, só deixamos unha única abreviatura de fonte. E, en último lugar, elaboramos unha clasificación temática a través dunha árbore de campo (a que aparece na epígrafe 3).

No que respecta aos escritos xornalísticos, usamos tres fontes recompilatorias das que extraemos os seguintes 47 artigos:

Fonte e páxs.	Título do artigo ²	Data de publicación	Abreviatura
NG 21-23	«Xinetes, vacadas, cabalos da grea»	28/04/1986	Xvcg
NG 29-31	«O derradeiro curro»	08/07/1991	DC
NG 33-34	«Serra d'O Galiñeiro»	22/03/1993	SdG
NG 35-36	«Curro d'O Galiñeiro: PEC»	27/07/1993	CGPEC
NG 43-44	«Turonio e a hípica»	23/02/1994	Teh
NG 45-46	«Tempo de curros»	06/06/1994	Tdc
NG 47-48	«O cabalo de Guillermo»	11/07/1994	CG
NG 55-56	«Curros, curros»	02/06/1995	Cscs
NG 57-58	«No curro de Vigo»	28/07/1995	CV
NG 61-62	«Máis sobre o cabalo de Guillermo»	15/01/1996	MCG
NG 63-64	«O cabalo de Guillermo aínda»	26/01/1996	CGa
NG 67-68	«Curro d'O Galiñeiro»	22/04/1996	CdG
NG 69-70	«Equus Caballus var. Silvicola Gallaeciae»	16/05/1997	ECSG
NG 71-72	«Oriana, Gondomar»	01/08/1997	OG
NG 79-80	«Cabalos galegos á andadura»	20/03/1998	Cga
NG 81-83	«Greas no norte»	13/04/1998	Gnn
NG 87-88	«Curro de Morgadáns»	19/06/1998	CdM
NG 89-90	«Agora, San Cibrán»	19/06/1998	ASC

² Hai artigos que aparecen en máis dunha das tres fontes.

NG 95-96	«Cabalos na universidade»	12/07/1999	Cnu
NG 97-98	«No monte Aloia»	10/12/1999	NmA
NG 105-106	«N'O Galiñeiro»	03/07/2000	Nga
NG 107-109	«Sobre o Faco Galiciano»	13/10/2000	SFG
NG 111-112	«Afonso XII co seu cabalo»	16/04/2001	Ac
NG 113-114	«Os curros, aí os están»	25/05/2001	Ocae
NG 117-118	«Acurrar no Galiñeiro»	06/07/2001	AnG
NG 119-120	«Máis sobre o Curro d'O Galiñeiro»	20/07/2001	MCdG
NG 121-122	«Hípica colonizada (I)»	24/08/2001	HcI
NG 123-124	«Hípica colonizada (II)»	27/08/2001	HcII
NG 127-128	«No pasamento do Mestre Oliveira»	22/04/2002	PMO
NG 129-130	«Tristura n'O Galiñeiro»	15/07/2002	TnG
NG 131-132	«Os cabalos do Señor Reitor»	18/11/2002	OcSR
NG 145-146	«Eguas na Xunqueira da Foz»	08/08/2005	EXF
CNM	«Que é o 'monte'?»	06/10/2006	Qm
NG 153-154	«Curro novo de Dimo, no Xiabre»	31/07/2006	CnDX
NG 161-162	«Curro d'O Galiñeiro de novo»	06/07/2007	CdGn
CNM	«Nós andadura» ³	08/10/2007	Na
NG 167-168	«Hípica galega»	12/11/2007	Hg
NG 171-172	«Parque Natural Aloia-Galiñeiro»	27/06/2008	PNAG
NG 173-175	«O curro das mortes»	28/06/2008	Ocm
NFEb 208-210	«25.000 cabalos ceibes» (aparece en CNM co título de «Tempo dos curros»)	30/05/2009	Cc
NG 183-185	«Curro de Dülmen»	06/06/2009	CdD
NFEb 210-211	«Cabalo de pura raza galega»	13/06/2009	Cprg
NFEb 212-213	«O País das Bestas» ⁴	20/06/2009	OPdB
NFEb 219-220	«As bestas do Santo»	18/07/2009	AbdS
NFEb 220-222	«O cabalo galego nas letras»	25/07/2009	Ocgl
NG 187-188	«Andadura en Vincios»	18/09/2009	AeV
NG 189-190	«Texto para o proxecto 'Ceibes no Monte' do IES Terra de Turonio»	2009	TpCnM

Táboa 2: Artigos de Méndez Ferrín revisados.

Neste caso, o modo de selección foi diferente. Consistiu nunha dobre revisión integral de todos os artigos e na marcaxe á man de todas aquelas unidades denominativas que consideramos que estaban tamén vinculadas co mundo hipolóxico. Logo, transcribimos todo o vocabulario recadado nun documento de texto electrónico e executamos as mesmas accións ca nos textos literarios: verbos en infinitivo, adxectivos en masculino singular, abreviatura das fontes, indicacións

³ Neste artigo fala do libro de González Troncoso (2007), o primeiro tratado sobre a andadura galega escrito en galego.

⁴ Neste artigo, fai unha recensión sobre Moreda (2009).

de contexto e significado, supresión das formas idénticas e confección da árbore clasificatoria correspondente (véxase a epígrafe 4).

Consoante o tipo de unidades denominativas que extraemos, foron substantivos, adxectivos, verbos, adxectivos, adverbios e locucións das mesmas categorías gramaticais. Nas epígrafes 3 e 4, aparecen todas elas transcritas en letra itálica coa súa respectiva abreviatura da fonte de onde foron extraídas, clasificadas e subclasificadas semanticamente (de forma temática). Por veces, sempre que for posíbel, tamén empregamos, para atomizar e detallar máis nas subepígrafes, criterios morfolóxicos. Por último, para ordenar cada un dos puntos, aplicamos a orde alfabética.

3. Vocabulario ecuestre na ficción ferriniana

Achegamos, a seguir, todas aquelas denominacións e expresións clasificadas segundo foron encontradas e seleccionadas nas seis obras literarias do *TILG*.

3.1. Denominación dos equinos:

3.1.1. Colectivos, que poden incluír outras especies animais: *animais* (AA), *arrebaño* (AA), *avalancha* (AA), *cadropea de cabalos* (A), *curro dos cabalos* (Es), *gado* (Es), *gando* (AA), *gando innumerábel* (A), *habenza* (AA).

3.1.2. Individuais:

a) Xenéricos: *animal* (referido a un cabalo) (BE) e *exemplar* (referido a un cabalo) (BE).

b) Da especie *Equus asinus*: *asno* (BE), *burra* (BE), *burro* ('asno') (AA).

c) Da especie *Equus caballus*: *besta* ('femia do cabalo') (BE), *cabalo* (BE), *égoa* (Es), *grñón* (Es). Non encontramos *egua* nin tampouco casos claros de *burra* ('femia do cabalo') ou *burro* ('cabalo').

d) Cruzamento entre *Equus asinus* e *Equus caballus*: *burreño* ('resultado da hibridación entre o macho da especie *Equus caballus* e unha femia da especie *Equus asinus*') (A), *macho* ('múa macho') (AA), *múa* (BE).

3.1.3. Segundo a orixe: *gado da Serra de Laboreiro* (A).

3.1.4. Segundo a raza: *español* (BE), *Garrao* (A)⁵.

3.1.5. Segundo o parentesco: *pai da remonta de artillaría de montaña* (BE).

3.1.6. Segundo a funcionalidade: *(cabalo) destreiro* (BE), *cabalos inimigos* (BE).

3.1.7. Segundo a súa fisioloxía: *burro arreite* (A), *cabalo colludo* (A), *cabalo enteiro* (BE), *exemplar enteiro* (BE), *femia* (Es), *femia paridoira* (Es), *grñón arreitado* (Es).

3.1.8. Segundo o estado vital: *cabalo morto* (BE).

3.1.9. Segundo a cor da pelaxe:

a) Ausencia de cor: *asno branco* (AA), *besta branca* (BE), *(cabalo) branco* (BE).

⁵ Aínda que é o nome propio dun cabalo, o autor tomouno da raza equina autóctona do norte de Portugal ao que tanto se refire nos seus artigos xornalísticos.

- b) Mestura de ausencia de cor e pelos negros, castaños ou rubios: *cabalo roán* (AA), *cabalo roán coas patas moi negras, desde o xeonllo ao casco, e fermosas pinturas* (BE), *cabalo tordo* (BE), *cabalo tordo moi claro* (BE), *égoa branca arroelada* (BE), *finísima pelaxe torda* (BE), *tordo* (BE).
- c) Cor beixe cos extremos ou cabos negros: *cabalo baio* (BE).
- d) Cor castaña: *cabalo fouveiro* (BE), *múa parda* (BE).
- e) Cor negra: *besta preta coma o carbón* (A), *cabalo negro* (BE), *cabalo preto* (A).
- f) Despigmentacións na testa: *cabalos de estrelas* (AA).
- g) Denominacións fantásticas: *besta da cor do lume* (Es), *cor de fogo* (AA).
- 3.1.10. Segundo o comportamento:
 - a) Intranquilo: *besta espantada* (Peoh), *brioso* (BE), *impaciente* (A), *inqueda* (BE), *nervoso* (BE).
 - b) Sosegado: *manso* (BE), *dócil* (BE), *gado submiso* (Es).
- 3.1.11. Segundo o estado de ánimo: *asañado de dentes e tremor* (Es), *desconsolado* (BE), *doído* (AA), *pensatibre* (A).
- 3.1.12. Segundo o movemento: *animais de trote curto* (BE), *canso* (A), *como español* (por ser braceante) (BE), *corredor* (BE), *galgador de costas arriba* (A), *moi braceante* (BE), *resistente* (A), *seguro* (A), *parado* (A).
- 3.1.13. Segundo a altura:
 - a) Pouca: *cabalo baixo* (BE), *cabalo cativo* (Es).
 - b) Moita: *grande* (AA), *moi alto* (BE), *moi grande* (BE), *notábel* (AA).
- 3.1.14. Segundo a súa xestión:
 - a) En liberdade: *besta ceibe* (Es), *ceibado* (BE), *égoa do monte* (Es).
 - b) Animais con indumentaria: *besta engaldrapada de baeta negra* (A), *protexido* (BE).
- 3.1.15. Segundo a idade: *de cinco anos* (BE), *poldro* (BE).
- 3.1.16. Denominacións metafórico-literarias: *besta de lume* (Es), *égoa de fogo* (Es), *forma de cabalo branco moi grande* (BE)⁶.
- 3.2. Denominacións de partes do corpo:
 - 3.2.1. Externas:
 - a) Cabeza: *boca* (A), *cabeza de cabalo* (BE), *dente* (A), *face* (BE), *nefras* (BE), *ollar do gado* (Es), *ollos do cabalo* (BE), *orella* (A), *testa* (A), *testa do cabalo adornada* (BE).
 - b) Pescozo: *crina* (Es), *crinas* (A), *crineira de prata* (BE), *pescozo curvado* (A).
 - c) Tronco: *costado dereito* (BE), *illarga* (Es), *lombo* (BE), *longura* (BE), *ventre do cabalo* (BE).
 - d) Extremidades: *casco* (Be), *casco da égoa* (BE), *pata* (Aeoi), *rabo* (A), *xeonllo* (Be).
 - e) Pel: *pelo do cabalo* (AA).
 - 3.2.2. Internas:
 - a) Aparello circulatorio: *corazón (do cabalo)* (Es).
 - b) Aparello reprodutor:
 - Masculino: *collóns do cabalo* (BE).
 - Feminino: *visgos* ('fluxo vaxinal viscoso') (Es).

⁶ As dúas primeiras denominacións é probábel que se estean a referir aos cabalos que se marcan cun ferro quente nos curros.

3.3. Accións dos animais:

3.3.1. Vinculadas co desprazamento:

- a) Accións xenéricas: *ao menor movemento do cabalo* (BE).
- b) Cos cascos: *atronar* (os cascos) (BE), *barullo dos cascos* (BE), *bater* (os cascos na terra) (BE), *batuxar* (nunha parte enlamada cos cascos) (A), *bruído dos cascos* (A), *ceibar faíscas* (A), *entalárselle* (os cascos) (Es), *escorregar* (A), *estrondar* (A), *estrondo de cascos* (Es), *facer (re)soar ecoares secos, toscos, estreitos, de mil anos* (A), *facer avalancha* (A), *facer bruído* (os cascos) (A), *facer máis bruído que as tormentas de verao* (BE), *gallope enxordecedor* (BE), *moverse* (os cascos do cabalo) (A), *pisar* (BE).
- c) Outras manobras co conxunto do corpo: *abalanzarse* (contra del) (BE), *choutar coma un alustre* (BE), *coller* (o camiño) (BE), *concentrar* (a forza) (A), *corvetas* (AA), *dar unha volta completa* (Es), *de movementos semellantes ao dos gatos* (BE), *desaparecer* (A), *ficar para tras* (A), *guiar* (Es), *parar de seu* (A), *redobrar* (Peoh), *voltar* ('regresar') (BE).
- d) Aires específicos:
 - Velocidade lenta: *andar* (A), *ao paso* (A).
 - Velocidade media: *ao paso de andadura* (AA), *ao sobresalto* (AA), *ao trote señorito* (A), *paso de andadura* (A), *trotar* (AA), *trote longo* (BE).
 - Velocidade rápida: *agallopar* (Peoh), *(a)gallope* (BE), *correr* (BE), *gallopar* (A).

3.3.2. Vinculadas cos sons corporais: *abafar* (a brava voz) (Es), *arfar* (BE), *brava voz* (Es), *chamar* (con rinchos) (Es), *crebar* (a brava voz) (Es), *estoupar en sóidos estentóreos* (Es), *inserir o rincho* (Es), *queixa* (cos urros esgútios) (Es), *resposta* (Es), *rinchar* (A), *rinchar doído* (AA), *rincho* (Es), *rincho curto e insistente* (Es), *urro esgutio* (Es).

3.3.3. Vinculadas con estados de ánimo: *aflicción* (Es), *axitarse* (BE), *bulirlle o corazón* (Es), *cofearse a testa* (dous cabalos amigos) (A), *de dentes regañados* (A), *espaventarse* (A), *espavento* (Es), *fuxida dunha besta espantada* (Peoh), *fuxir* (BE), *orgullo* (Es), *ourizar as crinas* (A), *pór orellas de contentamento* (A), *reclamar* (Es), *terror* (Es), *tremar coas catro patas chantadas en terra* (A).

3.3.4. Vinculadas coa reprodución: *cheirar* (Es), *cubrir* (BE), *empreñar* (Es), *nacer* (BE).

3.3.5. Vinculadas coa doma: *arrastrar* (pola estrebeira) (BE), *enfrentar* (BE), *esmaiar* (A), *insultar* (A), *obedecer* (Es), *turrar* (BE).

3.3.6. Fantasiosas: *abrir nas illargas* (unhas ás) (Es).

3.3.7. Outras accións xenéricas: *ouvir* (Es), *sentir* (o peso) (Es), *ostentar* ('ter') (BE), *saber* (Es), *querer* (A).

3.4. Denominacións vinculadas coa fortaleza: *forza* (na boca) (A), *forza renovada* (Es).

3.5. Denominación de doenzas: *peste dos cabalos* (Es).

3.6. Denominacións de persoas vinculadas con estes animais:

3.6.1. Que exercen a propiedade: *amo* (Es), *dono* (BE). E *peso do seu amo* (Es).

3.6.2. Quen os monta: *cabaleiro* (AA), *xenete* (AA), *xenete derrotado* (BE).

3.6.3. Quen traballa con eles nunha carruaxe: *cocheiro* (A).

- 3.6.4. Quen negocia con eles nas feiras: *ladrón cigano de bestas* (A), *tratante de cabalos* (BE).
- 3.7. Accións das persoas con estes animais:
- 3.7.1. Vinculadas coa xestión dos animais: *albergar* (AA), *ceibar* (BE), *deixar* (a egua) (BE), *envergoñarse* (por dentro) (BE), *gardar* (AA), *levar* (ás cortes) (BE), *liberar* (AA), *perder* (o cabalo) (BE), *recoller* (BE), *sentir* (os cascos dos cabalos) (BE), *tanguer* (Peoh).
- 3.7.2. Vinculadas coa doma: *adestrar* (BE), *apañar* (o cabalo) (BE), *chicotazo* (BE), *domeñar* (Es), *enlear* (o ronزال) (A).
- 3.7.3. Vinculadas coa acción de usar os animais como medio de transporte de persoas ou mercadorías:
- a) Preparatorias: *apertar moi forte* (as correas) (BE), *arrendar* ('pórlle as rédeas ao cabalo') (BE), *carregar* (nos carros) (BE), *carregar o peso atrás* (BE), *correr aos cabalos* (A), *encolgar* (nun gancho do burro) (A), *enselar* (A), *pendurar* (na sela) (Peoh), *traguer pola rédea* (A).
- b) Ao subir: *montar* (BE), *montar con lixeireza* (AA), *pór o pé na estrebeira* (BE).
- c) Ao estar enriba: *a cabalo* (BE), *aguillar* (BE), *alzarse* (sobre os cabalos) (BE), *cabalgar* (BE), *chegar* (A), *cruzar* (a face coa fusta) (BE), *esporear con asaño* (BE), *facer camiños esgrevios* (A), *facer correr* (BE), *falar con palabras secas e reconfortantes* (BE), *frear* (BE), *fuxir* (BE), *manterse* (a cabalo) (AA), *marchar* (A), *montado* (BE), *pandear* (o corpo para atrás) (BE), *perderse* (AA), *rodar* (AA), *sair a lidiar* (BE), *turrar* (das rédeas) (BE), *vir* (BE), *xeonllos moi apertados* (contra as selas) (BE).
- d) Ao baixar: *baixar* (BE), *botar pé a terra* (A), *descer nun pincho* (A), *pór pé en terra* (BE).
- 3.8. Denominación de utensilios que se usan con eles e as súas partes:
- 3.8.1. Utensilios:
- a) Para os gardar/errar: *círculo de pedra* (Es), *corte* (AA), *corte vella* (Es), *curral do gado* (Es), *curro* (Es), *enorme corte do gando* (AA), *murallas* (Es).
- b) Para se sentar enriba deles: *montura* (BE), *sela* (Peoh), *sela do cabalo* (BE).
- c) Para os guiar e suxeitar: *rédeas* (BE), *rédeas atadas* (A), *ronزال* (A).
- d) Para os obrigar a facer algo: *chicote* (BE), *espora* (BE), *espora de prata de grande roda dentada* (BE), *fusta* (BE).
- e) Para o transporte: *carro* (BE), *carro de carpintería* (A), *carruaxe* (A), *coche* (A), *raudo coche de cabalos* (BE), *tirada* (a carruaxe) (A).
- f) Para os protexer: *loriga* (BE).
- g) Para colgar/suxeitar algo: *gancho do burro* (A).
- 3.8.2. Partes de utensilios:
- a) Da sela: *cincha* (BE), *estrebeira* (BE).
- b) Dos arreos: *argola* (A), *correas* (BE), *rédea esquerda* (BE).
- c) Do carro: *freo* (A), *pescante* (AA), *retido* (o freo) (A).
- d) Das cortes: *adoquín da corte* (BE), *porta* (Es), *porta da enorme corte do gando* (AA).
- 3.8.3. Accións dos utensilios: *rousar moi limpamente* (un carro) (A).
- 3.9. Toponimia: *Curro de Morgadáns* (Es), *Outeiro de Égoas* (A), *Punta do Cabalo* (Es).

3.10. Antroponimia: *Celso das Múas* (A).

3.11. Termos vinculados co territorio salvaxe en que viven en liberdade: *barronca* (Es), *congostra* (Es), *chan* (Es), *gándara* (Es).

4. Léxico hipolóxico para defender a cultura ecuestre do país

A seguir, achegamos todo aquel caudal lexical que foi extraído e clasificado dos artigos de opinión.

4.1. Denominacións globais:

4.1.1. Do mundo equino: *cabalar* (CdM), *ecuestre* (CGa), *en materia de cabalos* (CdD), *mundo do cabalo en xeral* (CdM), *mundo do gando ceibe dos montes* (CnDX), *mundo dos cabalos* (Ocae), *mundo dos cabalos no monte galego* (OPdB), *novidade* (no mundo ecuestre) (Hg), *universo dos cabalos do monte* (TpCnM), *universo íntimo do cabalo* (CdM), *universo único* (dos curros) (Cc).

4.1.2. Do seu valor cultural en Galiza: *ben cultural* (o curro) (TnG), *cultura* (Cga), *cultura do pastoreo* (CnDX), *cultura dos cabalos ceibes e dos curros* (Cc), *cultura ecuestre* (AeV), *cultura pastoral e inmemorial* (Cc), *cultura popular galega* (coa súa parte ecuestre) (AbdS), *patrimonio* (a cultura pastoral e inmemorial) (Cc), *tradición* (do concurso hípico) (Teh), *valor cultural* (das bestas do monte Xiabre) (CnDX).

4.1.3. Do seu valor identitario en Galiza: *estilo propio* (ao proxectar imaxes dun curro nun concurso hípico de saltos) (HcII), *estirpe* (do pobo) (AnG), *factor identitario* (proxectar escenas do mundo dos curros) (HcII), *grande riqueza* (que representan os miles de cabalos galegos) (Cc), *imaxinario aldeán* (con cabalos) (OPdB), *singularizar* (Galiza) (Ocae).

4.1.4. Das súas características: *beleza* (no mundo ecuestre) (Hg), *bravura* (no mundo ecuestre) (Hg), *complexo* (mundo dos cabalos) (Ocae), *configurador* (dun estilo propio) (HcII), *considerado* (a cultura pastoral e inmemorial) (Cc), *cultural* (patrimonio) (Ocae), *diverso* (mundo dos cabalos) (Ocae), *identitario* (das bestas do monte Xiabre) (CnDX), *máxico* (a presenza dos cabalos) (OPdB), *multiforme* (mundo dos cabalos) (Ocae), *nobre* (a presenza dos cabalos) (OPdB), *simbólico* (patrimonio) (Ocae), *singular no mundo* (o pobo galego) (HcII), *subvencionado* (a cultura pastoral e inmemorial) (Cc).

4.2. Denominación dos equinos:

4.2.1. Colectivos/xenéricos: *animal* (CdD), *cuadrúpede* (Cga), *cabeza de gado* (AbdS), *cabeza de gando* (CdGn)⁷, *exemplar* (Ocm), *facenda* (Xvcg), *fato de cabalos* (ASC), *fauna* (EXF), *gado* (Cc), *gando* (OcSR)⁸, *grea* (AnG), *grea das bestas* (CnDX), *grea de cabalos* (Xvcg), *grupo* (de cabalos bravos) (CGPEC), *habenza* (PNAG), *horda* (Cnu),

⁷ No CNM, que contén o mesmo artigo, aparece a denominación *cabeza de gado*.

⁸ No CNM, que tamén incorpora este artigo, rexístrase a denominación *gado*.

individuo ('exemplar') (CdD), *manda* (Cprg), *morador* (o animal) (CdG), *núcleo compacto e asustado* (de cabalos agrupados que van entrar no curro) (Ocae), *rabaño das bestas* (CdD), *rea* (dos arrieiros) (SFG), *recua* (Cprg), *unha chea de «burras»* (que é como se lle chama en plan irónico ao faco galiciano, poni galego ou cabalo céltico (autóctono)) (CV). E a forma adxectiva: *importante* (a manda) (Cprg).

4.2.2. Individuais:

- a) Da especie *Equus caballus*: *besta* (femia do griñón) (CGPEC), *besta chamada Linda* (CdM), *burra* (xenérico; «dicímoslles en Turonio familiarmente ás bestas e cabalos ceibes») (Cprg), *cabalería* (AeV)⁹, *cabaliño* (Ocae), *cabalo* (CG), *cabalo da grea* (con valor xenérico) (Xvcg), *cabeza de gado cabalar* (AbdS), *cabeza de gando cabalar* (OCSR), *cabeza de gando equino* (CdD), *calquera cabalo do mundo* (Cga), *egua* (Hg)¹⁰, *Equus Caballus* (ECSCG), *faco* (Cscs), *griñón* (AbdS), *señora faca* (as facas galicianas) (Cprg). E as formas castelás: «*caballería*»* (Na), *haca** (forma usada por Cervantes) (SFG).
- b) Cruzamento entre *Equus asinus* e *Equus caballus*: *burreño* (Cga), *macho* ('múa macho') (AeV), *múa* (Cga), *mula* (AeV).

4.2.3. Segundo a orixe/procedencia:

- a) Denominacións xerais: *identidade* (dos cabalos soltos) (EXF), *orixinario* (o cabalo de liña inglesa) (TnG), *procedencia* (dos cabalos) (Nga).
- b) De criadores particulares: *besta da estirpe de Mailloc* (Gnn), *o da parte de Vilas* (CdG), *o que paze polos montes veciñais de Vínchos e de Zamáns* (liña de cabalos específica) (Nga), *os de Vilas* (liña de cabalos do curro do Galiñeiro) (Nga).
- c) Das serras ou montes, en xeral: *burra do monte* (ECSCG), *cabalo criado nos montes* (Xvcg), *cabalo do monte* (Ocm), *cabalo ou burra do monte* (Teh), *do cabalo galego do monte* (ECSCG), *do monte* (bestas) (Cc), *egua da serra* (SdG), *greas de burras do monte* (Cnu), *greas de cabalos do monte* (Ocae), *montañés* (cabalo das montañas) (Gnn).
- d) Das serras ou montes concretos: *besta das serras minhotas e trasmontanas* (xenérico) (ECSCG), *besta do monte Xiabre* (xenérico) (CnDX), *besta solta da serra d'A Groba* (xenérico) (ECSCG), *cabalo de Dülmen* (Cprg), *d'A Barbanza* (ECSCG), *d'A Cova da Serpe* (ECSCG), *d'A Faladoira* (ECSCG), *d'A Paradanta* (ECSCG), *d'O Acibal* (ECSCG), *d'O Candaóso* (ECSCG), *d'O Castrove* (ECSCG), *d'O Cordal de Neda* (ECSCG), *d'O Faro de Avión* (ECSCG), *d'O Laboreiro* (ECSCG), *d'O Mondigo* (ECSCG), *d'O Quínxo* (ECSCG), *d'O Seixo* (ECSCG), *d'O Suído* (ECSCG), *d'O Xiabre* (ECSCG), *d'O Xistral* (ECSCG), *d'O Xurés* (ECSCG), *de Domaio* (ECSCG), *de Forgoselo* (ECSCG), *de Toxoso* (ECSCG), *do Larouco e Paredes de Coura* (ECSCG), *dos da Serra d'O Galiñeiro* ('cabalos') (CdD), *famosa grea d'O Galiñeiro* (OCSR), *greas de Sabucedo* (AbdS), *greas d'A Faladoira e d'A Coriscada* (Gnn).
- e) Dos curros: *cabalo do curro d'O Galiñeiro* (xenérico) (Nga).

⁹ No CNM, que inclúe o mesmo artigo, aparece a forma *cabalaría*.

¹⁰ No CNM, que tamén conta con este artigo, figura a variante *égoa*.

- f) De determinados países/rexións: *cabalo de Breaña* (Gnn), *cabalo de Galicia* (Cprg), *cabalo de México e Sul dos EEUU* (Cprg), *céltico* (Cscs), *gando normando* (CG), *tronco celta* (Cprg).

4.2.4. Segundo a raza:

- a) Denominacións xerais: *caste* (CdD), *castimonia protexida* (Tdc), *raza* (Cc), *raza ben coñecida* (Tdc), *raza cativa* (CG), *raza de cabalo* (Ocm), *raza definida* (DC), *raza equina* (Ocgl), *raza estraña* (Tdc), *raza natural* (CGPEC), *raza recoñecida* (Cprg), «*raza semipesada e brevilinea*» (ECSG), *sangue arcaizante* (CdD), *sangue de fóra* (razas foráneas) (EXF), *tipo de cabalo* (CG), *tipo ou raza de cabalo* (CGa), *tres todotipos* (do cabalo galego) (ECSG), *variedade* (de cabalo galego) (Tdc), *vella raza* (Tdc). E as formas adxectivais: *oficial* (a raza) (Cprg), *pura* (a raza) (Cc).
- b) Denominacións para a raza de Galiza:
- Con adxectivos que remiten á antigüidade: *arcaica* (a raza galega) (Cc), *cabalo ancestral* (SdG), *cabalo tradicional* (Tdc), *moi antiga* (a raza de cabalos autóctona) (EXF), *poni arcaico* (Cscs), *raza arcaica* (SdG), *raza arcaica de poni* (Tdc), *raza patrimonial de gando* (Tdc).
 - Con adxectivo *autóctono/a*: *autóctono* (Cnu), *cabalo autóctono* (SFG), *fauna autóctona* (Cscs), *horda de eguas autóctonas* (EXF), *liña autóctona* (ECSG), *macizo da raza autóctona* (AnG), *rabaño de bestas autóctonas* (EXF), *raza autóctona* (AnG), *raza autóctona das bestas da serra* (SdG), *raza autóctona de animal doméstico* (EXF), *raza autóctona de gando* (NmA), *raza autóctona de poni* (Cscs).
 - Co xentilicio *galego/a*: *ao de raza galega* (OcSR), *besta galega* (Cnu), *cabalo de pura raza galega* (Cprg), *cabalo de raza galega* (Ocm), *cabalo galego* (xenérico da raza) (Ocm), *cabalo galego do monte* (AnG), *cabalo galego máis puro* (ECSG), *cabalo galego/garrano* (CdD), *faco «Cabalo Galego do Monte»* (SFG), *faco galego* (Ocgl), *galego* (cabalo) (Cprg), *poni galego* (AnG), *poni galego ou cabalo céltico* (autóctono) (CV), *Ponni Galego* (CGPEC), *pony galego* (Cprg), *Pura Raza Galega* (AnG), *Pura Raza Galega* (PRG) (OcSR), *raza do cabalo galego* (CdD), *raza do poni galego* (Tdc), *raza galega* (Cc), *tipo autóctono galego* (Cc).
 - Co adxectivo *galiciano/a*: *besta galiciiana* (Cga), *egua faca galiciiana* (Cprg), *faca galiciiana* (Cprg), *faco galiciano* (AnG), *faco galiciano amblante* (Cga), *faco galiziano* (ECSG), *galiziano* (Cscs), *manda de facas galicianas* (SFG).
 - Co topónimo *Gallaecia/Galicia*: *cabalo autóctono da vella Gallaecia* (CdG), *cabalo indíxena de Galicia* (ECSG), *Equus Caballus var. Silvicola Gallaeciae* (ECSG), *estrito poni dos montes do Sur de Galicia e Norte de Portugal* (Gnn), *raza vella da cultura castrexa e da Gallaecia ancestral* (SFG).
 - Siglas: C. G. M. (iniciais do Cabalo Galego do Monte) (SFG), *cabalo de PRG* (*Pura Raza Galega*) (EXF), *cabalo PRG* (*Pura Raza Galega*) (CnDX), *PRG* (Cprg), *PRG* (*Pura Raza Galega*) (Cc), *raza do C. G. M.* (SFG).
 - Outras denominacións: *egua do país* (Cnu), *poni de Rof Codina* (Cnu), *venerable raza de cabalos do monte* (o poni arcaico) (Cscs).
- c) Outras razas do estado español: *asturcón* (Ocgl), *besta bascongada* (SdG), *cabalo español* (ECSG), *cabalo ibérico* (Cprg), *cabalo ibérico e grandal* (CGa), *potoka* (Tdc), *raza meridional ibérica* (MCG).

- d) Razas de Portugal: *besta garrana* (Cga), *cabalo garrano* (Cnu), *garrana* (raza) (Cc), *garrano* (AnG), *garrano do Miño* (ECSG), *garrão* (CGPEC)¹¹, *horda de garranos* (Cprg), *lusitano* (ECSG).
- e) Outras razas: *árabe* (MCG), *arabiño* (CV), *berberisco* (CG), *cabalo celta* (Cprg), *cabalo céltico* (ECSG), *cabalo de liña inglesa* (TnG), *cabalo Dülmener* (CdD), *Dülmener* (raza de cabalo) (CdD), *faco Exmoor* (SdG), *galés* (SdG), *galiceño* (Cprg), *garrón bigotudo das Terras Altas de Escocia* (SdG), *Hafflinger alpino* (SdG), *poni irlandés* (Cprg), *ponis varios de Irlanda e de Inglaterra* (SdG), *raza do gando de Merfelder Bruch* (CdD), *Tarpán* (SdG), *tieldón* (Ocgl).
- f) Cruzamentos: *animal híbrido* (Cga), *cabalo cruzado de árabe* (CG), *cruce* (Tdc), *cruzado* (Ocm), *cruzado de árabe* (CGa), *cruzamento* (con outras razas) (Ocm).
- 4.2.5. Segundo o parentesco: *nai* (Ocm), *poldro orfo* (Ocm).
- 4.2.6. Segundo a funcionalidade: *adorno das nosas serras* (SFG), *animal amado* (do mestre Oliveira) (PMO), *animal escravo* (SdG), *apto para a guerra medieval* (o gando normando) (CG), *apto para a montaña* (Ocgl), *cabalo adecuado* (MCG), *cabalo de paseo* (DC), *cabalo de sela* (OcSR), *cabalo e egua de monta* (CdD), *cabalo montado* (xenérico) (MCdG), *cabalo que montaba Guillaume* (CGa), *centos de cabalos montados* (Nga), *macho reproductor* (AbdS), *montura* ('animal de sela') (AeV), *mula montada* (Na), *semental de tiro lixeiro* (ECSG). E as adxectivais: *destinado* (o cabalo galego do monte) (SFG), *montado* (un cabalo) (MCG), *recomendado* (para deporte de nenos, o cabalo galego) (CdD).
- 4.2.7. Segundo a súa fisioloxía: *empeñada* (Teh), *enteiro* (Cga), *fecundada* (as eguas) (Ocgl).
- 4.2.8. Segundo a cor da pelaxe:
- a) Ausencia de cor: *potra branca* (Ocgl).
 - b) Mestura de ausencia de cor e pelos negros, castaños ou rubios: *gando ruzo* (AnG), *horda de tordos da Camarga do Ródano* (SdG), *potro pedrés* (Ocgl), *ruzo* (cabalo) (HcI).
 - c) Cor rubia: *alazán* (gando) (AnG).
 - d) Despigmentación na testa: *cabalo luceiro* (Ocgl).
- 4.2.9. Segundo o comportamento:
- a) Bo: *cabalo brioso* (Cga), *cabalo de comportamento fantástico* (OPdB), *educado* (o griñón) (EXF), *fachendoso* (unha besta) (CdM), *manso* (Rocinante) (SFG), *pacífico* (Cnu), *tranquilo* (macho) (AeV), *valente* (cabalo) (Cscs), *xunto* (cabalo que paze) (CdG). A locución adverbial *con orgullo* (do cabalo) (Ocgl) e a substantiva *alteirosa dignidade* (do poni galego) (SdG).
 - b) Malo: *cabalo indómito* (Gnn), *feroz* (o cabalo montañés) (Gnn), *pouco rixo* (Rocinante) (SFG), *pretensamente perigoso* (os cabalos ceibes) (OPdB), *raro* (o cabalo montañés) (Gnn), *revirado* (o cabalo montañés) (Gnn). E o substantivo *malignedade* (do cabalo solto) (Ocm).

¹¹ No Tdc, aparece grafado *garrao*, sen o acento circunflexo.

- 4.2.10. Segundo o estado de ánimo: *acirrado* (as bestas) (CdD), *garrido* (cabalo, cos «ricos arreos») (OcgI), *grión furioso* (TnG)¹².
- 4.2.11. Segundo o estado vital: *besta morta a tiros* (Xvcg), *garrano morto a tiro* (xenérico) (OPdB), *morto* (Ocm), *vivo* (Ocm).
- 4.2.12. Segundo a calidade:
- a) Boa: *aprezado* (cabalo) (Cprg), *bo cabalo* (CG), *reputado* (o gando normando) (CG), *sobrio* (cabalo) (Cscs). E as denominacións: *estampa mental* (no imaxinario das persoas do prestixio do cabalo español) (ECSG), *asentado* (a estampa mental) (ECSG) e *prestixio* (da estampa do cabalo español) (ECSG).
 - b) Moi boa: *cabalo extraordinario* (OcgI), *cabalo precioso* (MCG), *duro* (cabalo) (Cprg), *excelente* (cabalo de liña inglesa) (TnG), *exemplar modélico* (Cprg), *infatigábel* (cabalo) (Cscs), *magnífica mula* (Cga), *mellor exemplar de besta ou egua* (Ocae), *mellor exemplar de cabalo* (Ocae), *o mellor que no mundo puidese haber* (cabalo) (CG), *perfecto* (cabeza de gando) (Cprg), *poderoso* (macho) (AeV), *resistente* (cabalo) (Cprg), *resistente das montañas do macizo galaico-duriense* (CG). E o substantivo *excelencia* (do poni galego) (Cscs).
- 4.2.13. Segundo o movemento:
- a) Se fai andadura ou marcha: *amblante* (unha múa) (Cga), *cabalería á andadura* (xenérico) (AeV)¹³, *cabalo en andadura* (xenérico) (AeV), *espontáneo* (o animal que fai andadura) (Cga), *innato* (o animal que fai andadura) (Cga), «*marchador*» (AeV), *sabedor da andadura* (Cga).
 - b) Noutros aires ou movementos: *braceante* (cabalo) (Cprg), *corredor* (cabalo) (Gnn), *espiral de bestas ascendentes* (PMO), *rauda grea de cabalos* (OcgI).
- 4.2.14. Segundo a dimensión:
- a) Denominacións xenéricas: *morfloxía* (Cc), *grupo morfolóxico* (Tdc).
 - b) Maior: *alto* (cabalo) (Cprg), *aparatoso* (os cabalos da liña de Vilas) (Nga), *aspecto ibérico meridional* (CG), *boa alzada* (CG), *burra gorda* (xenérico) (TnG), *cabezón* (Nga), *cabezudo* (CdG), *corpulento* (cabalo) (Cprg), *españolizante* (raza) (DC), *forte* (unha múa) (Cga), *forte macho* (Cga), *forte macho marchador* (AeV), *gordíño* (o gando solto) (CGPEC), *ibérico* (tipo de cabalo) (SFG), *máis cumprido* (o animal) (Tdc), *medrado* (poldro) (CGPEC), *meirande porte* (ECSG), *menos curto* (Tdc), *moi corpudo* (o gando normando) (CG), *repoludo* (o gando) (TnG), *vistoso* (cabalo) (Cprg), *vizoso* (o gando) (TnG)¹⁴.
 - c) Menor: *cabaliño mínimo de Islandia* (SdG), *cabaliño miúdo* (xenérico) (Gnn), *cabalo pequeno* (Cprg), *cativo* (cabalo) (Cprg), *curto cabalo* (por ser pequeno) (CdM), *dimensión exígua* (do cabalo que pace nos montes de Vincios e Zamáns) (Nga), *estilizado* (Tdc), *fino* (Nga), *inferior* (a alzada) (CdG), *máis afinado* (CdG), *menor alzada* (Nga), *pequeno* (en altura o cabalo galego) (OcSR), *pequeno de alzada* (CdD), *poni* (ECSG).

¹² No CNM, que contén o mesmo artigo, aparece *grión furioso*, con <ñ>.

¹³ No CNM, que tamén inclúe este artigo, documéntase a denominación *cabalaría á andadura*.

¹⁴ No CNM, que incorpora o mesmo artigo, escríbese *vicioso*.

d) Semellante: *mesmo animal* (CGa), *parecido* (a morfoloxía) (CdD), *semellante* (a morfoloxía) (Cc). E *semellanza* (entre o gando) (CdD).

e) Diferente: *distinto* (o cabalo galego do norte) (Gnn), *morfoloxía diferente* (Nga).

4.2.15. Segundo a súa xestión:

a) En liberdade:

– Formas con *bravo/a*: *animal bravo* (Xvcg), *besta brava* (Cc), *besta brava ceibe* (TpCnM), *bravo* (as burras) (AbdS), *cabalo bravo* (Ocm), *cabalo bravo de Pura Raza Galega* (AnG), *egua brava* (Teh), *gando bravo* (CdG), *grea de cabalos bravos* (Cnu), *manda de cabalos bravos* (Cprg).

– Formas con *ceibe*: *animal ceibe* (Cc), *besta ceibe* (Ocm), *cabalo ceibe* (Cc), *cabalo ceibe no monte* (Cprg), *cabalo e egua ceibe* (Cc), *cabeza de gado ceibe* (Cprg), *ceibe* (Cnu), *CEIBE NO MONTE* (Ocgl), *gando que se cría ceibe* (SFG), *masa dos cabalos ceibes* ('o conxunto') (Cprg).

– Formas con *libre/liberdade*: *besta en liberdade* (Cc), *cabalo en liberdade* (xenérico) (Ocm)¹⁵, *cabalo libre entre as sombras* (CGa), *gando en liberdade* (EXF), *gando en réxime de liberdade* (Cscs), *horda en liberdade* (CdD).

– Formas con *salvaxe*: *derradeiro cabalo salvaxe* (xenérico) (CdD), *grea de cabalos salvaxes* (Cnu), *grñón salvaxe* (DC), *salvaxe* (o cabalo montañés) (Gnn).

– Formas con *solto/a*: *besta solta* (TpCnM), *cabalo solto* (Cc), *gando solto* (CGPEC), *solto* (Nga).

– Outras denominacións: *cabalo non controlado* (Cprg), *compatíbel* (cos fins do parque natural) (Cprg), *desprotexido* (os cabalos soltos) (Cc), *excedente* (de cabezas de gando) (CdD), *non seleccionado* (garranos) (Cprg), *numerosa* (as greas) (AbdS).

b) Con intervención humana:

– Para coidalo no propio monte: *consagrado* (o PRG) (AnG), *chamado* (o cabalo bravo de Pura Raza Galega) (AnG), *individualizado* (cabalo galego na historia) (Ocgl), *moi protexido* (os animais) (CdD), *normalizada* (a raza autóctona) (Cc), *oficializado* (o PRG) (EXF), *oficialmente* (chamado cabalo bravo de Pura Raza Galega) (AnG), *preservado* (o PRG) (AnG), *protexido* (o PRG) (AnG), *recoñecido* (como raza) (EXF), *rescatado* (as eguas da serra) (SdG).

– Para manexalo no curro: *acurrado* (a grea) (CdGn), *apupado* (as bestas) (CdD), *arredada* (as cabezas de gado cabalar) (AbdS), *baixado* (as bestas ao curro) (TpCnM), *besta acurrada* (MCdG), *besta encerrada* (CdM), *collido* (a lazo) (CdD), *concentrado* (as bestas) (AbdS), *conducido* (o cabalo bravo) (CdGn), *marcado* (co ferro) (Ocm), *rapado* (Cnu), *reunido* (cabalos e eguas) (Cc), *saneado* (Cnu), *senalado* (as burras do santo) (AbdS).

– Para combatelo: *atinxido* (nas mans) (Ocm), *atravesado* (un cabalo por unha lanza) (CGa), *desangrado* (morrer así un cabalo) (Ocm), *ferido* (o animal) (Ocm), *non protexido* (o cabalo autóctono) (CdG), *odiado* (o cabalo de monte). E a forma adverbial *oficialmente* (forma de estar desprotexidos os cabalos soltos) (Cc).

¹⁵ No *NFEb*, que reproduce o mesmo artigo, gráfase *cabalo en liberdade*.

- c) Domesticado: *animal doméstico* (SFG), *asegurado* (o cabalo de sela) (OcSR), *atado* (as «caballerías») (Na), *ataviado* (cabalo, coa albarda) (Na), *sen o seu dono enriba* (CGa).
- 4.2.16. Segundo a propiedade: *besta da grea de Nemesio e outros propietarios* (Tdc), *besta de propiedade particular* (xenérico) (AbdS), «*besta do Santo*» (AbdS), *cabalo da horda de Pepe Figuerola [sic] Freiría* (Tdc), *cabalo de Guillermo* (CGa), *cabalo de Oliveira* (Teh), *cabalo de Ponthus* (Gnn), *cabalo do rei* (SFG), *cabalo gañado* (a un contrario nunha batalla) (CGa), *cabalo propio* (Tdc), «*do Santo*» (os machos reprodutores) (AbdS).
- 4.2.17. Segundo a idade: *burra adulta* (ASC), *cativo* (poldro) (CdD), *cría* ('poldro') (Xvcg), *macho novo* (CdD), *poldriño* (Cnu), *poldro* (ASC), *poldro grande* (CdD).
- 4.2.18. Segundo o material do que estean feitos: *cabalo en bronce* (Teh), *cabalo galego do monte en metal* (SFG), *escultura* (OcSR), *escultura de Juan Oliveira* (SFG), *estatua ecuestre* (Ac), *obra magna* (do mestre Oliveira, as súas esculturas ecuestres) (PMO), *poldro de coiro duro* (CdG).
- 4.2.19. Denominacións metafórico-literarias: *cabalo da noite* (de Celso Emilio Ferreiro) (CdM), *Cabalo de vento* (CdD), «*cabalo verde*» (de Xosé María Pérez Pallaré) (Hg), *filla do vento* (OcgI).
- 4.3. Denominacións de partes do corpo. Para alén do holónimo *corpo* (Ocm) e das unidades denominativas *lado* (AeV), *banda* ('lado, lateral') (Cga), rexistramos:
- 4.3.1. Externas:
- a) Dimensións xenéricas: *altura* (Cprg), *alzada* (CdG), *anchuras* (do cabalo galego do norte) (Gnn), *aparatosidade* (do cabalo galego do norte) (Gnn), *carácter das «razas semipesadas e brevilineas»* (ECSG), *carácter étnico máis puro da raza indíxena* (ECSG), *carácter racial* (do cabalo galego) (Cprg), *característica* (dos cabalos) (Cprg), *característica precisa* (do cabalo galego) (Ocm). E as formas adxectivas *aceite* (os caracteres raciais) (Cprg) e *promulgado* (os caracteres raciais) (Cprg).
- Cos seus campionatos: *celebrar* (competición de andadura) (Ocae), *colaborar* (no Campionato de Andadura) (AeV), *poñer a andar* (o Campionato Galego de Andadura) (AeV).
- e) Co deporte:
 - Deporte: *deporte de nenos* (CdD) e *deporte galego* (HcI).
 - Hípica: *choio hípico* (CdG), *hípica* (HcI), «*hípica colonizada*» (HcII), *hípica galega* (Hg), *modalidade hípica* (Cprg).
 - Equitación: *equitación* (HcI), *equitación tradicional* (CnDX). E tamén: *elegancia* (da equitación) (HcI), *funcionalidade* (da equitación) (HcI) e *pracer da equitación* (Cga).
 - Outras: *aplaudir* (a orientación do concurso de saltos) (HcI), *converter* (o concurso de saltos) (HcI), *convocar* (a Federación Hípica Galega) (Cga), *dirixir* (o concurso de salto) (HcI), *entusiasmar* (o público no concurso de saltos) (HcI), *inscribir* (no campionato) (Ocae), *montar* (unha proxección) (HcII), *participación* (no concurso de saltos) (HcII), *pór en pé* (os afeccionados) (HcI), *proxección* (con imaxes no concurso hípico) (HcII), *reportaxe gráfica e literaria* (sobre o curro) (Hg), *respectar* (a orientación do concurso de saltos) (HcI), *selección* (das músicas do concurso hípico) (HcII). E a forma adxectiva *escolmado* (a música) (HcII).
- 4.9.3. Vinculadas coa acción de usar os animais como medio de transporte de persoas ou mercadorías:
 - a) Preparatorias: *calzar* (espora) (Na), *dispor* (dunha cabalería) (Cscs), *estrear* (selas) (CV), *selar* (Gnn).
 - b) Estar enriba: *a cabalo* (Ac) e *dacabalo* (ASC); e os verbos *manterse* (enriba dun cabalo) (Cga) e *montar* (dacabalo) (Na).
 - c) Xeitos de montar: *caxato cruzado* (AeV), *escarrancharse* (sobre unha besta galiciana) (Cga), *esporear* (AeV), *montar con xeito* (DC). E a locución adverbial *en plan clásico* (Cga).
 - d) Desprazamento: *cabalgar* (un xinete) (Hg), *dar unha volta* (nunha besta) (CdM), *desprazamento* (en cabalo) (Cga), *moverse* (as persoas de alta condición nas súas monturas de andadura) (AeV), *viaxar* (en cabalo) (Cga), *vir* (os cabaleiros montados) (TnG).
 - e) Baixar: *desmontar* (CdM).
 - f) Caer: *caer* (do cabalo) (MCG), *caída dun cabalo* (MCG).
 - g) Para as mercadorías: *tirar* (dun carro) (Ocgl).
- 4.9.4. Vinculadas co mundo académico: *citar* (no tratado de zootecnia) (Cprg), *falar* (no tratado de zootecnia) (Cprg), *publicar* (a tese) (AnG), *traballar* (o xornalista Esteban López para popularizar os curros) (Tdc); a *atención antropolóxica* (do curro) (AbdS), *zootecnia* (Cc) e *zootecnia portuguesa* (Cscs). E os adxectivos *taxonómico* (SdG) e *titulado* (a tese) (AnG).
- 4.9.5. Vinculadas co mundo comercial: *vender* (as selas inglesas) (Na).

4.9.6. Outras accións: *combate* (a cabalo) (CGa), *posición imperiosa e nobre* (do cabaleiro na estatua ao lado do cabalo) (Ac).

4.10. Denominación de utensilios que se usan con eles e as súas partes:

4.10.1. Utensilios:

a) Para os animais:

- Para asento de montura: *albarda* (CdM), *albarda de montar* (Na), *albarda de paseo* (AeV), *albardin* (DC), *aparello galego* (DC), *castelán* (sela) (Na), *cobertor* (CdM), *cobertor a raías* (AeV), *española* (sela) (Na), *sela australiana* (CV), *sela inglesa* (Na).
- Para a cabeza: *serreta* (Na).
- Para conducilo: *ramal único* (Na), *ronzal* (DC).
- Para o conxunto: *ricos arreos* (Ocgl). E *lucir* (os aparellos nunha cabalería) (DC).
- Para suxeitalos: *lazo* (CdD).
- Para marcalo: *ferro* (de marcar) (AbdS), *ferro quente* (DC).
- Para rapalos: *grande tesoir* (DC).
- Para protexer os cascos: *ferradura* (Cprg).
- Para facerlles a cama: *estrume* (Qm).
- Para matalos: *escopeta cargada* (Ocm), *lámina afiada de aceiro* (para que se corten os animais) (Ocm), *lanza* (CGa), *lazo* (para enforcalos) (Ocm).
- Para o transporte: *carro* (Ocgl), *lindo carruaxe* (TnG). As denominacións adxectivais: *conducido* (a carruaxe) (TnG), *gobernado* (o carro polo auriga) (Ocgl), *tirado* (unha carruaxe) (TnG) e *máis rápido ca o vento* (ir así no carro) (Ocgl). E o verbo *gañar* (o carro unha carreira) (Ocgl).
- Para a guerra: *loriga* (CGa).

b) Para as persoas:

- Para vestirse: *chapeo* (que levaba o cabaleiro á feira) (Na), *chaquetiña* branca (do acurrador) (CdD), *pucha negra* (do acurrador) (CdD), *pucha pequena* (que levaba o cabaleiro á feira) (Na), *roupa de camuflaxe militar* (para usar os acurradores) (DC).
- Para a guerra: *escudo* (CGa), *espada* (CGa), *helmo* (CGa).
- Para animar o animal a que se mova ou xire: *caxato* (Na), *espora* (Na).
- Para moverse polo monte: *moto todo-terreo* (DC), *tractor* (DC).
- Para levar un rexistro dos animais: *libretiña* (CdM), *Libro de rexistro* (do PRG) (AnG), *libro de rexistro oficial* (do cabalo galego) (Ocm), *libro xenealóxico* (Cprg), *Libro xenealóxico do cabalo de pura raza galega* (PRG) (Cprg).
- Para conservar unha raza: *masa xenética* (do cabalo galego) (Cprg), *modelo* (da raza) (OcSR), *patrimonio xenético* (Ocae), *programa de depuración da raza* (OcSR), *tesouro xenético* (da raza do C. G. M.) (SFG). E o adxectivo *oficializado* (o modelo da raza) (OcSR).
- Para medir: *man británica* (unidade de medida para a alzada) (CdG).
- Para comer: *ración* (de carne de poldro) (CnDX).

4.10.2. Partes de utensilios:

- a) Do curro: *asento* (do curro) (Cc), *beira do curro* (DC), *grada* (HcI), *gradas* (AbdS), *tronco* (CdGn), *tronco de árbore* (SdG). E os adxectivos *preparado* (o tronco de madeira) (CdGn) e *tratado* (tronco) (CdGn).
- b) Da sela: *estrebeira de coiro e madeira* (Na), *estribo de coiro* (DC), *estribo de soco* (CdM).
- c) Da cabezada: *rédea* (CGa).
- d) Do carro: *pescante* (da carruaxe) (TnG).
- 4.10.3. Utensilios para eventos ecuestres:
 - a) Sanitarios: *ambulancia* (Cnu), *ambulancia da Cruz Vermella* (CV), *posto de primeiros auxilios* (AnG), *sanitario* (posto sanitario) (AnG).
 - b) Comerciais: *posto* (con ricos arreos) (Ocgl).
 - c) Simbólicos: *bandeira* (no concurso de saltos) (HcII), *bandeira de Galicia* (no concurso de saltos) (HcII), *símbolo* (do campionato de andadura) (CGa). E a locución adxectiva *de Vigo* (bandeira) (HcII).
 - d) Honoríficos: *bandeira azul* (premio que lle deron á Asociación de Criadores de Galicia do C. G. M.) (SFG), *escarapela* (Ocgl), *Pergameo de Valedor dos Curros* (CdD), *trofeo* (Ocgl).
 - e) Publicitarios: *diaporama* (con imaxes no concurso hípico) (HcII), *letreiro* (HcI), *propaganda* (que lle fan á rapa de Sabucedo) (TnG), *tema de carácter militar* (de música para as probas hípicas) (HcII), *tema do Curro d'O Galiñeiro* (da proxección do diaporama) (HcII).
 - f) Económicos: *díñeiro* (apoio económico para a rapa de Sabucedo) (TnG).
- 4.10.4. Publicacións/estudos: *boletín informativo gandeiro* (CdM), *estudo* (sobre as bestas) (CdD), *fundamentado artigo* (CdM), *Guía dos Curros de Galicia* (Cc), *historia dun cabalo* (CG), *información* (sobre as bestas) (CdD), *Manifesto en Defensa das Bestas do Monte* (SdG), *monografía* (sobre o curro) (AbdS), *novela de cabalarías* (OG), *relato literario e gráfico* (libro sobre as bestas) (CdD), *revista de cabalos* (Hg), *tratado de zootecnia* (SFG), *vello manual de zootecnia* (CdG).
- 4.10.5. Lexislación: *estatuto propio* (Cnu), *lei* (CdG), *Orde de 26 de setembro 1998* (Cprg), *regulamentación específica* (do libro xenealóxico) (Ocae).
- 4.10.6. Comunicación: *lingua do curro* (DC), *megafonía* (do concurso de saltos) (HcI).
- 4.11. Termos vinculados co territorio salvaxe en que viven en liberdade:
 - 4.11.1. Árbores: *acacia* (CdGn), *arcolito* (Qm), *eucalipto* (CdG), *madeira* ('árbores para a industria madeireira') (TnG), «*masa forestal*» (Qm), *pradairo* (CdD). E as accións: *beirrear* (os pradairos o curro) (CdD), *dar sombra* (os pradairos) (CdD), *darlle sombra* (ao curro) (CdM).
 - 4.11.2. Arbustos: *abriñeiro* (Qm), *carqueixa* (Qm)²³, *escambroeiro* (Qm), *estirpeiro* (Qm), *queiroga* (Qm), *toxo* (Qm), *toxo mol* (SdG), *urce* (Qm), *vexetación arbustiva* (Qm), *vexetación baixa* (Qm), *vexetación de gándara* (Qm).
 - 4.11.3. Plantas: *centeio* (Xvcg), *gramínea* (Qm), *herba* (SFG).
 - 4.11.4. Pedras: *penedo* (ASC), *terra rochosa* (Ocgl).
 - 4.11.5. Alimentos: *alimento estacional diversificado* (CdD), *auga* (SFG).

²³ Mudamos a grafía orixinal que aparecía con <q> inicial, seguramente por ser unha gralla.

4.11.6. Lugares:

- a) Xenérico: *espazo* (o monte) (AbdS).
 - b) Vinculados coa vexetación: *arboredo* (Qm), *baldío* (Teh), *bosque* (CdD), *bouza* (Qm), *carrasqueira* (NmA), *codesedo* (NmA), *conxunto de montes de Galicia* (Cscs), *devesa* (SFG), *eucaliptal* (CGPEC), *lugar do monte* (AbdS), *monte* (AbdS), *monte baixo* (Qm), *pasto* (Cscs), *pasto abondoso* (CGPEC), *pasto do ecosistema* (Cc), *piñeral* (Qm), *poboado* (o monte galego de vexetación baixa...) (Qm), *semellante* (o pasto) (EXF), *superficie arborada* (Qm), *terra erma* (da reserva de cabalos bravos) (CdD), *toxal* (NmA), *xesteira* (NmA), *xunqueira* (EXF).
 - c) Vinculados coa orografía: *aba* (Nga), *aba do rochedo dos montes* (DC), *barronca pina e dificultosa* (CdG), *caeira* (AnG), *caidanca* (do monte) (TnG), *corda* (de montañas) (Gnn), *costa do Galiñeiro* (TnG), *coto* (Nga), *coto desafiante* (AnG), *coto do Norte* (CV), *encosta* (CdG), *chan* (CV), *fácil de controlar* (o territorio) (EXF), *gándara* (Cc), *inmensidade témera* (do monte galego) (OPdB), *landa* (Qm), *lombo alto do Norte de Galicia* (Gnn), *meseta* (Dos Arruídos) (AbdS), *montaña* (Ocgl), *na chan* (onde se facía o curro) (CdGn), *rancho longo e bravío* (Ocgl), *serra* (CGPEC), *val* (Cnu), *valgada* (Gnn).
 - d) Coa auga: *braña* (Cc), *lagoa* (EXF), *lamacenta* (a terra da reserva de cabalos bravos) (CdD), *río* (Gnn).
 - e) Coa pedra: *canteira* (CGPEC), *pedreira* (ASC), *toutizal* (CdD).
 - f) Coa terra: *terreo* (Cnu), *territorio* (fácil de controlar) (EXF). E *nube de poeira* (no curro) (CdG).
 - g) Coa propiedade: *comunal* (AnG), *monte comunal* (Teh), *monte de mao común* (Xvcg), *termo municipal* (CdGn).
 - h) Coa agricultura: *horta* (Xvcg), *pousío* (Teh).
 - i) Protexidos: *espazo natural* (a reserva de cabalos bravos) (CdD), *espazo natural protexido* (Cprg), *espazos verdes* (da universidade) (OcSR), *libre* (espazo, San Lourenzo) (AbdS).
 - l) Coa funcionalidade: *arraial* (CdM), *cultivo* (Ocm), *depósito xenético tradicional* (refírese ao monte) (EXF), *esconderizo* (o monte para un fuxido) (OPdB), *espazo de vida* (CdD), *explotación agraria* (Qm), *hábitat do cabalo* (OPdB), *madeira* ('plantación forestal') (Qm), *territorio do gando solto* (Gnn).
 - m) Coa calidade: *bo* (o pasto) (EXF).
 - n) Camiños: *camino real* (Cga), *pista* (no monte) (CGPEC).
 - ñ) Partes de lugares: *contorna d'O Galiñeiro* (CV), *marxe esquerda* (dun río) (Gnn).
- 4.11.7. Medidas: *hectárea* (de monte) (AbdS).
- 4.11.8. Depredadores: *ataque* (do lobo) (Xvcg), *lobo* (Xvcg), *pegada na neve* (dos lobos) (Xvcg).
- 4.11.9. Parasitos: *carracha* (DC).
- 4.11.10. Outras ameazas: *desaparición* (do toxo mol) (SdG), *incendio* (Qm), *incompatible* (co gando, o eucalipto) (Cscs), *invasión do eucalipto* (SdG), *maldición* (de eucaliptos) (CGPEC), *peste capitalista das eólicas* (Ocm), *praga* (de eucaliptos) (CGPEC).

4.12. Termos vinculados co mundo comercial: *beneficio* ('ganancia') (Cc), *gañancia* (da venda de gado) (AbdS), *mercado* (Cc), *valor* (da carne de poldro) (Cc), *valor de mercado* (AbdS).

5. Comparativa das dúas mostras lexicais

Se profundamos agora nas principais diferenzas e similitudes entre as dúas mostras, cómpre apuntarmos que a variedade lexical que emprega unha persoa que escribe está directamente condicionada pola temática ou temáticas que trata e, xa que logo, é normal que o segundo dos grupos sexa cuantitativamente maior por seren escritos, na súa maioría, centrados no mundo ecuestre fronte a uns textos (o primeiro conxunto) onde os equinos son, con máis ou menos protagonismo, animais usados, na maioría dos casos, como medio de transporte ou forza motriz. No entanto, tamén é certo que o primeiro conxunto achega denominacións e matices verdadeiramente interesantes do mundo hipolóxico en galego.

Así, nos textos do *TILG*, temos que destacar que:

- Aínda que aparece en *Estirpe* (Es) a referencia aos cabalos bravos e aos curros, nas outras obras os animais que aparecen son domésticos e empregados para a montura (para desprazarse ou loitar na guerra) ou para puxar por carros. En consecuencia, estes son exemplares de maior alzada e os adxectivos que o sinalan máis numerosos a respecto dos animais pequenos e cativos.
- Ao debuxar un mundo imaxinario literario, elabora unhas figuras ecuestres moi pouco galegas non só por usaren os personaxes animais cun porte españolizado, por seren animais en que imperan as pelaxes branca e pedresa, senón tamén por non apareceren tampouco nin os cabalos de raza galega como tales nin elementos da equitación autóctona que si aparecen nos artigos xornalísticos: *albarda*, *albardín*, *arrees*, *aparello galego*.
- Están presentes os asnos. En troques, non encontramos ningunha ocorrencia dos denominativos *burra* ou *burro* para se referir ás eguas ou aos cabalos.
- O autor xoga moito nas descrições coas cores dos animais e nas escenas ecuestres cos sons que emiten, e co seu movemento (o barullo dos cascos e o paso de andadura, sobre todo). Nas accións das persoas, tamén teñen especial relevancia as que teñen que ver con montar, isto é, as que teñen relación con desprazarse nestes animais.
- Aparecen unidades denominativas que buscan un diferencialismo máis marcado coas formas castelás como, por exemplo: *(a)gallopar*, *(a)gallope*,

arrebaño, domeñar, égoa, envergoñarse, estrebeira, gado, múa, nervoso, ourizarse, rédeas, xenete.

•Contén dous topónimos e un antropónimo cuxas denominacións teñen un elemento distinto e directamente relacionado cos propios equinos (a saber: *Outeiro de Égoas, Punta do Cabalo, Celso das Múas*).

En contraste, nos artigos xornalísticos, onde existe unha omnipresenza e unha radiografía moi completa do universo dos curros e das burras do monte, da súa xestión e supervivencia, da súa vitalidade e valor cultural, da súa dispersión xeográfica e ameazas²⁴; textos en que fai unha defensa acérrima destas festas populares, nomeadamente do curro do Galiñeiro (por ser o máis vigués), en que pon en valor a recuperación do paso de andadura e do cabalo de pura raza galega (ameazado polos cruzamentos con animais de maior porte para ofrecer maior masa cárnica e estreitamente vinculado co garrano portugués e outras razas do tronco celta); onde fala dunha incipiente hípica galega (aínda que parcialmente «colonizada») e de historias de persoeiros importantes que estiveron vinculados cos equinos galegos ou en Galiza (o veterinario Juan Rof Codina ou o escultor Juan Oliveira Viéitez, entre outros), Ferrín:

•Ofrece multitude de denominacións para o cabalo autóctono galego (e tamén para outras razas coas que se emparenta e/ou convive); para os animais que viven soltos nos montes galegos, para a súa estatura (agora son máis aqueles cualificativos que se refiren a animais de pequeno porte), para os lugares que frecuantan as mandas (ou aqueles que se fan *ex profeso* para eles) e para todo o que ten que ver cos curros (persoas que participan, lugares onde se realizan, tipoloxía, actividades de xestión dos animais, utensilios que empregan...). Por tanto, o cabalo doméstico só aparece relacionado coas persoas que van aos curros montadas, coas que participan en concursos hípicos (entre os que destacan o campionato de andadura e o concurso de saltos) e algunha outra excepción.

•Para falar da xestión nas rapas, de como fan e aprenden a andadura os equinos e da morfoloxía da raza galega, non fai uso dun número manifestamente de expresións que se refiren ás partes do corpo dos animais nin dos nomes das cores das pelaxes.

²⁴ Os curros, a súa importancia cultural e identitaria e a súa defensa acérrima fronte a un xornalismo que os silencia, unha industria (pedreira, madeireira e eólica) que extermina os pastos que manteñen as greas salvaxes, algúns agricultores que asasinan animais de xeito impune e unhas administracións que non fan máis que burocratizar, poñer impedimentos para o seu desenvolvemento e non prestar ningún tipo de medio ou axuda (coa única excepción da rapa de San Lourenzo de Sabucedo) son os auténticos leitmotivs destes textos ferrinianos.

- Aínda que fala de pelaxes de cor alazá, branca e ruza, a castaña, a negra, e a rata teñen unha maior presenza por ser a maioritaria nos cabalos ceibos e a propia do cabalo de pura raza galega.
- Describe, con detalle, a marcha ou paso de andadura.
- Amplía notabelmente o número de persoas que están vinculadas con estes animais a respecto do grupo do *TILG*. Nos textos literarios, aparecían referencias ás persoas propietarias, a aquelas que os montan, as que andan con eles nun carro e as que negocian con eles; nestoutro conxunto, aparecen, para alén de nomes de institucións, asociacións e outros moitos colectivos, formas denominativas referidas a cargos e integrantes destes colectivos, a todo tipo de persoas que simpatizan –dun ou doutro xeito– con este universo, que axudan nos curros, que organizan eventos, que coidan das bestas bravas, que asasinan burras no monte etc.
- Non fala, por ningures, dos asnos mais si usa e menciona como, na Terra de Turonio, usan a voz *burra* ou *burras* para denominar as bestas e cabalos do monte.
- Rexistra menos solucións «hipergaleguizadoras» seguramente debido a que a maioría dos artigos pertencen a *NG* e, polo que puidemos observar nos artigos que compartía con *CNM* e *NFE*, os textos foron revisados e modificadas parte das solucións orixinais: *cabalaría*, *égoa*, *gado*.
- Non posúe ningún antropónimo en que aparezan denominacións dos equinos e só un único topónimo (urbano): *Fonte dos Cabalos*.

Para alén destas disimilitudes e do obvio parecido no uso da cuestión temática do vocabulario ecuestre nos dous grupos de fontes, existen outras cuestións paralelas que cómpre resaltar: o esqueleto da árbore de campo clasificatoria que aplicamos e que resultou da aplicación é practicamente o mesmo, máis alá das cuestións de proporción e de detalle; aparecen, nos dous conxuntos de obras, aspectos esenciais para o autor: o paso de andadura, os curros, os cabalos bravos e o vínculo afectivo moi forte entre o ser humano con estes animais; e, en último lugar, a riqueza do vocabulario de ambas as mostras amosan unha habelencia do autor ourensán no seu uso salientábel.

6. A fidelidade diatópica de Ferrín

Cando comezamos este estudo, pensamos en analizar a distribución diatópica das unidades denominativas empregadas por Méndez Ferrín (se non todas, cando menos, aquelas que desen máis xogo) mais, ao decatármonos dalgúns dos arranxos editoriais nalgúns variantes, decidimos centrarnos, sobre todo, na clasificación e comparación dos vocábulos nos dous grupos de textos.

Porén, consideramos que o uso de determinadas escollas por parte do escritor transmite en que medida el mesmo usa voces propias do seu lugar de nacemento ou de residencia, ou de áreas moito máis afastadas. Para tal propósito, aproximámonos brevemente á distribución e ó uso dalgúñas das voces rexistradas nas epígrafes 3 e 4, en comparación con aquelas que aparecen no *LHGO* e no *VVPLH* para ver como as emprega Ferrín. A primeira das investigacións é unha tese de doutoramento –inérita mais accesíbel– cuxo obxectivo é compilar, clasificar e comentar o léxico do mundo ecuestre (agás a parte que ten ver coa domesticación) do noroeste peninsular a través de entrevistas orais. A segunda é un artigo que compara e analiza a evolución de 71 unidades denominativas que teñen en común o *LHGO*, o *Glosario de voces galegas de hoxe* e o *Atlas lingüístico galego* e que pertencen a tres subáreas temáticas concretas do ámbito da hipoloxía (denominación de equinos, partes do corpo e accións vitais).

Comprobaremos, xa que logo, se os trazos lingüísticos deste léxico sitúan os textos na área metropolitana de Vigo, que é onde vive o escritor, ou na zona entre Ourense e Vilanova dos Infantes (Celanova), que foi onde naceu e se criou. Para desenvolver este estudo temos en conta as seguintes denominacións:

- Denominación dos equinos:
 - Denominacións colectivas: *gado/gando, grea, grupo, manada/manda, rabaño*.
 - Denominacións xenéricas: *besta, burra, égoa/egua*.
 - Denominacións individuais: *grñón, faco*.
 - Segundo a súa fisioloxía: *cabalo colludo*.
 - Denominacións para o cruzamento: *burreño, macho, múa/mula*.
- Denominacións das partes do corpo: *crina/s*.
- Accións vitais: *couce, patear, rincho*.

Segundo o mapa e a información que achega *VVPLH* (p. 143), as voces *gado* e *gando*:

Dialectalmente (véxase o mapa da Figura 2), se imos de oeste a leste, os dominios lingüísticos de cada forma están bastante marcados: *gando* predomina na Galiza occidental ocupando, case na súa totalidade, as provincias de Pontevedra –agás a esquina suroeste, onde aparece, de forma exclusiva *gado*–, da Coruña –excepto a parte oriental– e a zona oeste da provincia de Ourense; *gado*, para alén do Baixo Miño e da franxa este da provincia da Coruña, abrangue o resto da provincia de Ourense, parte do sur de Lugo e boa parte do norte. (*VVPLH*: 142)

En Ferrín, como puidemos comprobar, aparecen as dúas. Posibelmente, sexa porque, tanto a cidade de Ourense como a parroquia de Vilanova dos Infantes como a cidade de Vigo están situadas entre as áreas de cada denominación²⁵.

²⁵ Cómpre ter en conta tamén que a voz coa consoante nasal na coda, cando menos en parte das aparicións do *NG*, foi froito dunha harmonización debido á corrección ortográfica, mentres que *gado* é a opción que recollen as outras obras xornalísticas: *CNM* e *NFE*.

No que respecta ás formas denominativas *manada*²⁶, *manda*, *rabaño*, *grea*, *grupo*, *rebaño/nho**, *montón* e *tropa*, dinos o LHGO (páxs. 84-85) que:

O repartimento no espazo das denominacións con maior uso (Figura 10) ofrece, dun modo xeral e máis alá da maior ou menor presenza das formas, unha visión equitativa en que se pode ver o espalladas que están as formas sen practicamente seren circunscritas a unha zona ou lugar determinado. Así e todo, albiscamos algunhas tendencias: existe unha propensión clara a ter máis dunha forma designativa no mesmo lugar ou incluso no mesmo informante para este concepto grupal (dos 50 puntos sinalados no mapa da Figura 10, 26 concellos presentan máis dunha solución).

Desas formas, nos textos do escritor ouresán-vigués figuran, entre outras, *grea*, *grupo*, *manada*, *manda* e *rabaño*, apoiando tamén a diversidade denominativa do concepto. Por outra banda, o mapa que contén a dita figura 10 á que se refire esta cita (LHGO 2020: 85) sinala na esquina suroeste de Pontevedra as formas *manada*, *rabaño*, *grea* e *montón* e no occidente da provincia de Ourense *manada*, *grea* e *rabaño*. A voz *grupo* aparece, no entanto, en puntos do sur da Coruña, norte de Pontevedra próximos, do oriente lugués, das falas estremeiras de Lubián e nas miñotas e trasmontanas de Bragança e Vieira do Minho; e *manda*, en dous puntos da provincia de Lugo e noutro do sur da da Coruña.

As denominacións *besta*, *burra*, *égoa*, *egua* son algunhas das formas xenéricas que se usan nos textos que estamos a estudar para se referir ao *Equus caballus* que vive ceibe no monte (probablemente, por seren maioría as femias nas greas). Das catro, tres figuran no LHGO (*besta*, *burra* (tamén *burro*) e *egua*) e non aparece *égoa*. Así, grazas ao mapa da páxina 81 (e tamén ao da 147), sabemos que as denominacións usadas na franxa occidental ourensá son *burro*, *burra* e *besta* ao igual ca na punta suroeste pontevedresa (iso si, con moita máis presenza de *burra*). En cambio, a forma *egua*, malia localizarse só en Moeche, Guitiriz e Vieira do Minho no mapa da páxina 81 e non aparecer nin en Vigo nin en Ourense no mapa da páxina 147 tampouco, si que se pode apreciar en concellos ourensáns (en Gomesende, Lobeira e Baltar, na esquina suroeste) e de todo o sur pontevedrés (A Cañiza, Covelo, Mondariz, Tomiño e Gondomar).

Pola súa parte, o VVPLH, dános unha información que nos ofrece unha fonte bibliográfica con información xeolingüística sobre a voz *égoa*: o ALGa (1999: 164-165), que amosa unha presenza moi estendida, entre outras partes da xeografía galega, na metade sur da provincia de Pontevedra así como no oeste ourensán.

Chámanos a atención que, aínda que Méndez Ferrín usa as catro denominacións, só en *burra*, ademais de a escribir –por veces– entre aspas duplas, fai matices de uso do seguinte tipo: «unha chea de “burras” (que é como se lle chama en plan irónico ao faco galiziano, poni galego ou cabalo céltico (autóctono))» (NG: 57), «burras dicímoslles en Turonio familiarmente ás bestas e cabalos ceibes no monte» (NFEc: 210) ou «A festa do valente, duro, sobrio, infatigábel cabalo que

²⁶ O DRAG marca esta forma como incorrecta (s. v. *manada*) e remite a *manda* como a correcta.

a zootecnia portuguesa chama galiziano ou céltico e as xentes populares de alén Miño describen como garrano mentres as de aquí prefiren un desprezativo (auto-desprezativo) burra do monte» (NG: 55), cando non se fai en ningún dos traballos que consultamos.

Consonte a *grinón* e *faco*, son voces de uso circunscrito a zonas bastante reducidas. A primeira delas aparece no *LHGO* (p. 149) e sitúao nunha pequena rexión que se localiza entre a metade noroeste da provincia de Pontevedra e a contigua suroeste da Coruña; e a segunda, aínda que no *LHGO* (p. 78) só aparece dúas veces, no *VVPLH* (p. 147), dísenos que foron rexistradas nos concellos de Ribadumia e Moeche e que é unha denominación que, xunto coa de *cabalo faco*, «estenden o seu emprego, pola provincia da Coruña ademais do Valadouro e Vilardevós» mais non teñen nada que ver nin con Ourense nin coa área de Vigo²⁷.

Un *cabalo colludo* chámase así por conservar os testículos e non estar capado; é, sinónimo de *cabalo enteiro*. Esta é unha unidade denominativa (sen o elemento *cabalo*) que figura comentada tamén no *VVPLH* e, polo que di, Ferrín podería usala por partida dobre, por ser voz propia dos dous lugares ou áreas que están directamente ligadas a el:

Colludo, sinónimo de *enteiro*, é unha denominación que se concentra, sobre todo, na metade suroeste do territorio galego; rexístrase na Capela (GVGH), no Grove (GVGH, baixo a variante *culludo*), Guitiriz (*LHGO*), Santa María de Oia (*LHGO*), Mondariz (*LHGO*), Covelo (*LHGO*), Lobeira (*LHGO*) e San Cristovo de Cea. Tamén *boi colludo* (OLV 2008: 69): Bueu, Arbo e Guntín; e *pocho colludo* (OLV 2008: 71): Sanxenxo. A novidade no *LHGO*, para alén de presentar maior número de lugares de uso, son, nomeadamente, os concellos que se sitúan na provincia de Ourense. (*VVPLH*: 144)

Para o resultado do cruzamento entre as especies *Equus caballus* e *Equus asinus* –o chamado gando muar ou mular–, atopamos, nos textos ferrinianos, as solucións *burreño*, *macho*, *múa* e *mula*²⁸. Sobre a distribución dialectal da palabra *macho* ('animal de carga híbrido e estéril, de sexo masculino, que nace da unión dunha egua cun burro ou dunha burra cun cabalo', *DRAG*: s. v. *macho*), o *VVPLH* (2022: 145) afirma que se rexistrou nas catro provincias galegas nos seguintes concellos:

- Da Coruña: Aranga, Curtis, Carballo, Laxe, Dumbria, Tordoia, Santiago de Compostela, Touro, Melide, Porto do Son, Lousame, Rois, Melide, Moeche, San Sadurniño e Ortigueira.
- De Lugo: Ribadeo, Guitiriz, Castroverde, A Fonsagrada, Oulol, Muras, Viveiro, Xove, Abadín, Mondoñedo e Guitiriz.

²⁷ Na fala de Vigo a voz que si recolle Costas González é *facotexo*, que define como «cabalexo fraco e pequeneiro inservible para o traballo» (2024: 33).

²⁸ No mundo ecuestre, aínda que Ferrín non o matiza dun xeito explícito, existe diferente denominación dependendo de se o cruzamento é entre un burro (*Equus asinus*) e unha egua (*Equus caballus*), a se é entre un cabalo (*Equus caballus*) e unha burra (*Equus asinus*). Sobre esta cuestión, pódese consultar o *LHGO* (2020: 102-103).

- De Ourense: Xunqueira de Ambía, Castro Caldelas, Montederramo, A Gudiña, A Mezquita, Vilardevós, Carballedo, Coles, Ourense, Gomesende e Lobeira.

- De Pontevedra: Vila de Cruces, A Estrada, Tomiño e Moraña.

Pola súa banda, a voz *mula* é unha denominación moi estendida polo territorio galego (cfr. co *LHGO* 2020: 101-102). Non tanto así *múa*, da que non dispoñemos de datos do seu espallamento territorial ao non aparecer en ningunha das fontes xeolingüísticas que manexamos. Só, no *LHGO* (p. 151), se fai referencia ao traballo de Costas González (2005: 150) sobre as voces *mú* e *múa*, que si se manteñen vivas no galego do Val do Río Ellas en Cáceres.

De *burreño* si obtemos datos: no mapa que achega *LHGO* (p. 104), aparecen marcados 14 puntos xeográficos do noroeste peninsular onde foi rexistrada. De todos eses lugares, 7 –a metade– atópanse no norte das provincias da Coruña e de Lugo, 2 no sur da Coruña, 1 no sur de Lugo, 1 no norte de Pontevedra, 1 en **Lobeira** (Ourense), outro en **Tomiño** (área viguesa) e 1 máis en Arcos de Valdevez.

Para as sedas do pescozo, Ferrín opta por nomealas como *crina* ou *crinas*. Sobre elas, o VVPLH (p. 148), que as trata conxuntamente, sitúaaas nos concellos da Estrada, Castroverde, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, **Montederramo**, **Castro Caldelas**, Negreira, Cedeira, Muras, Ourel, Mondoñedo, Samos, **Baltar**, **Lobios**, Vieira do Minho, **Valença do Minho**, Terras de Bouro, Bragança e Sobrado (León).

No tocante a *rincho*, o VVPLH (p. 155) afirma que o *LHGO* non contén ningún rexistro para esta voz nas provincias de Ourense e de Pontevedra, non obstante, si que contempla que existía –46 anos antes– nos concellos da Capela, Aranga, Carballo, Laxe, Dumbriá, Melide, Vila de Cruces, O Valadouro, **Xunqueira de Ambía**, **Montederramo**, **A Gudiña** e **Vilardevós**²⁹.

En último lugar, atopamos as formas *couce* e *patear*, que son o substantivo e o verbo que Méndez Ferrín usa para o golpe que os cuadrúpedes grandes dan coas extremidades posteriores. Estas dúas formas denominativas (e outras) aparecen no mapa 45 do *LHGO* (2020: 355). Nel, só se indica un único rexistro na provincia pontevedresa para *couce*, concretamente, no concello de Santa María de Oia. Nesa área, a voz máis estendida é *patada*; en cambio, aparece tamén nos concellos ourensáns de Lobios, Lobeira, Gomesende e Coles.

Polo que atinxe a *patear*, aparece, entre outros, nos municipios ourensáns de Ourense e Coles, así como tamén nos pontevedreses de Tomiño, Gondomar, Vigo, A Cañiza e Ribadumia.

Se recapitulamos agora, de onde poderían virlle estas formas denominativas ao escritor ourensán-vigués? Na Táboa 3, marcamos as nosas propostas de acordo coa información que fomos detallando.

²⁹ Véxase tamén o *LHGO* (2020: 373-374), sobre o resto de denominacións sobre a voz do *Equus caballus* e a acción de emitila.

	Da área ourensá	Da área viguesa	Das dúas	Doutra área	Val do Ellas
<i>besta</i>					
<i>burra</i>					
<i>burreño</i>					
<i>cabalo colludo</i>					
<i>couce</i>					
<i>crina/s</i>					
<i>égoa</i>					
<i>egua</i>					
<i>faco</i>					
<i>gado</i>					
<i>gando</i>					
<i>grea</i>					
<i>gríñón</i>					
<i>grupo</i>					
<i>macho</i>					
<i>manada</i>					
<i>manda</i>					
<i>múa</i>					
<i>patear</i>					
<i>rabaño</i>					
<i>rincho</i>					

Táboa 3: Posíbel orixe diatópica das denominacións ecuestres ferrinianas.

O resultado semella desvelar que a maioría destas denominacións hipolóxicas polas que optou o autor de *Nós, Galiñeiro* son comúns ás dúas áreas xeográficas vinculadas con el (o 60%). Outras voces (un 20%) son propias do seu lugar de orixe (Ourense) que non comparte co seu lugar de residencia (Vigo). E, en último lugar, é cando menos curioso descubrirmos que, mentres outro 20% deste grupo de unidades denominativas provén de lugares que nada teñen que ver nin coa Cidade das Burgas nin coa Cidade Olívica, non houbo ningunha que puidésemos localizar só na área viguesa. Nun primeiro momento, polos comentarios que el mesmo facía nos textos xornalísticos sobre o uso a voz *burra* no Baixo Miño (véx. *supra*), sospeitamos que esta podía ser unha clara candidata a entrar nese grupo, porén, ao consultarmos a súa distribución non puidemos corroboralo, unha vez que tamén se estendía para a provincia contigua.

7. Para rematar

Se algo aprendemos nesta investigación, foi que Xosé Luís Méndez Ferrín é, para alén dun gran Valedor dos Curros, un auténtico mestre da palabra e das palabras. Aínda que, cando alguén le os artigos xornalísticos que extraemos de *NG*, *CNM*,

NFEa, *NFEb* e *NFEc*, ten a sensación de que hai certas cuestións ou asuntos que se repiten por ser consideradas, por el, de extrema importancia, o certo é que presenta unha cantidade de vocabulario e unha habelencia no manexo deste que son exquisitos. Demostra ser un profundo coñecedor do mundo ecuestre galego e consegue transmitir moito máis ca un simple escritor que fala de cabalos; nos textos, literarios e xornalísticos, é doado enxergar o Ferrín con grandes amizades no mundo da hípica galega (Joaquín González Troncoso, Juan Oliveira Viéitez, Benedicto Conde González, Xacobo Pérez Paz, entre outros) amante das burras do monte, dos cabalos de montura, da andadura ou marcha, dos curros³⁰, dos concursos de salto, do cabalo do país e de todo o que ten que ver con todo ese universo.

Tamén aprendemos que debuxou nos seus textos hipolóxicos dous tipos de imaxinarios cabalares tan diferentes na aparencia como parecidos no esencial. Nun, cabalos grandes de sela de cores máis abrancazadas que se usan para a guerra, para galopar, para marchar na andadura ou para saltar nun concurso hípico; no outro, bestas bravas do monte (ameazadas polas especies forestais pirófitas, polos aeroxeradores das eólicas, as pedreiras, algúns agricultores asasinos e os lobos), que é necesario acurrar, cada certo tempo, para asegurarlles o seu benestar. Dous mundos moi diferentes mais igual de galegos e de necesarios na cultura autóctona.

E, para concluír, soubemos que a lingua de Ferrín vén, na súa esencia, da súa lingua nai, da que aprendeu e mamou entre Ourense e Celanova, que despois reafirmou no seu novo lugar de residencia (Vigo e arredores) e enriqueceu con novas formas de falares tan foráneos como igual de xenuíños.

Referencias bibliográficas

ALGa = González González, Manuel (coord.) (1999): *Atlas lingüístico galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

CNM = IES Terra de Turonio (2009): *Ceibes no monte* [En liña]. Gondomar: IES Terra de Turonio. <http://www.ceibesnomonte.com> [consultado o 13/06/2024].

Costas González, Xosé-Henrique (2005): «Achegas ao léxico do galego falado no Val do Río Ellas», *Cadernos de Lingua* 27, 127-153. DOI: <https://doi.org/10.32766/cdl.27>

³⁰ E non das «rapas». Méndez Ferrín, en varios artigos (véxase *NG*: 106 e 113, por exemplo), tamén comenta como foi orixinado e divulgado o termo *rapa* –idea do «médico, etnógrafo e sonado asasino fascista de Pontevedra Víctor Lis Quiben»– en detrimento da forma orixinal *curro*, que fai referencia ao espazo en que se fechan as burras do monte e, por extensión, ao encontro e festa popular en que se converteron.

- Costas González, Xosé-Henrique (2024): *A fala de Vigo. Trazos diferenciais da nosa variedade dialectal*. Vigo: Universidade de Vigo. Área de Normalización Lingüística.
- DRAG = González González, Manuel (dir.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <https://academia.gal/dicionario> [consultado o 06/09/2024].
- González Troncoso, Joaquín (2007): *Nós, andadura*. Vigo: Federación Hípica Galega.
- LHGO = Groba Bouza, Fernando (2020, tese de doutoramento inédita): *O léxico da hipoloxía no galego oral*. <http://www.investigacion.biblioteca.uvigo.es/xmlui/handle/11093/1742> [consultado o 05/09/2024].
- Moreda, Eva (2009): *O país das bestas*. A Coruña: Biblos.
- NFEa = Méndez Ferrín, Xosé Luís (2020): *No fondo dos espellos. 2015-2020*. Vigo: Universidade de Vigo. file:///C:/Users/USUARIO/Downloads/Libro%20Completo%20CC%204.0-2.pdf [consultado o 05/07/2024].
- NFEb = Méndez Ferrín, Xosé Luís (2021): *No fondo dos espellos. 2007-2010*. Vigo: Universidade de Vigo. file:///C:/Users/USUARIO/Downloads/Libro%20Completo%20CC%204.0.pdf [consultado o 05/07/2024].
- NFEc = Méndez Ferrín, Xosé Luís (2022): *No fondo dos espellos. 2011-2014*. Vigo: Universidade de Vigo. file:///C:/Users/USUARIO/Downloads/Libro%20Completo%20CC%204.0-1.pdf [consultado o 05/07/2024].
- NG = Méndez Ferrín, Xosé Luís (2012): *Nós, Galiñeiro*. Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja (1986-): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Versión 4.1. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/TILG/> [consultado o 01/07/2024].
- VVPLH = Groba Bouza, Fernando (2022): «Variación *versus* permanencia en 46 anos de léxico hipolóxico», *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, 137-159. DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90529>